

CARACTERÍSTICAS DA POESÍA LÍRICA LATINA

Antecedentes Gregos

Caracteriza á poesía lírica a **polimetría, a musicalidad e a expresión de sentimentos persoais moi variados**, desde o máis doce amor ata o odio máis enconado. Diferénciase da moderna sobre todo nos contidos, formas e modos de comunicación: era fundamentalmente pragmática e estaba intimamente **vinculada á realidade social e política**, á acción concreta do individuo dentro da sociedade.

Por outra banda **o seu contido constante era o mito**, que constituía o punto de referencia exemplar, a alma e a vida da poesía lírica (aínda que ás veces non pasase de constituír un tópico aparello literario), a cal non estaba destinada a ser lida, senón a ser recitada ante un público por un individuo illado ou un coro co acompañamento dalgún instrumento musical. E de aí, fundamentalmente, que no ámbito cultural grego, o vocábulo "lírica" designase á poesía cantada ao son da lira (ou calquera outro instrumento de corda similar).

Caracterizábase así mesmo non só pola **variedade de contidos**, senón tamén pola **variedade en estruturas e formas métricas**, sempre en **composicións breves**.

Poesía Lírica en Roma

A lírica latina comeza en Roma moito máis tarde que a épica ou o teatro, concretamente a finais do século II a.C., en plena influencia helenística e cando as circunstancias políticas e sociais abocaran os ánimos dos cidadáns cada vez máis cara á intimidade e a vida privada. As convulsións sociais que propiciaron a falta de ideais comúns que xustificasen unha épica nacional, fan brotar unha serie de composicións breves e delicadas nas que se renuncia a todo o que sexa grandeza, envorcándose na intimidade das pequenas cousas.

As características desta nova poesía seguen sendo semellantes ás da lírica grega (mitoloxía, polimetría, etc.), pero a diferenza é que os romanos escribiron pouca poesía lírica propiamente dita e ademais foi un produto completamente literario non arraigado no costume social, pensado para ser lido e non cantado. Neste marco aflorou en primeiro lugar o círculo de Lutacio Cátulo e os seus soados epigramas eróticos, a quen podemos considerar como precedente dos neotéricos, verdadeiros artifices e abandelrados de toda unha renovación literaria e estética.